

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**12053** *Real decreto 988/2015, do 30 de outubro, polo que se regula o réxime xurídico da obriga de financiamento anticipado de determinadas obras audiovisuais europeas.*

A promoción da diversidade cultural e lingüística é un obxectivo prioritario da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual. Efectivamente, de acordo coa súa exposición de motivos, esta lei busca garantir «os dereitos dos cidadáns a recibiren comunicación audiovisual en condicións de pluralismo cultural e lingüístico –o que implica a protección das obras audiovisuais europeas e españolas nas súas distintas linguas– (...)». En particular, o artigo 5, dedicado ao dereito á diversidade cultural e lingüística, establece as liñas xerais do sistema mediante o cal se articula a protección dunha programación que reflecta a diversidade cultural e lingüística da cidadanía.

O principal obxecto deste real decreto é desenvolver o previsto no citado artigo 5 da Lei 7/2010, do 31 de marzo. O número terceiro do dito precepto establece a obriga dos provedores de servizos de comunicación audiovisual de contribuír anualmente a financiar anticipadamente a produción europea de películas cinematográficas, películas e series para televisión, así como documentais e películas e series de animación, co cinco por cento dos ingresos devindicados no exercicio anterior conforme a súa conta de explotación, correspondentes ás canles en que emiten estes produtos audiovisuais cunha antigüidade menor a sete anos desde a súa data de produción. Pola súa parte, o parágrafo décimo primeiro do artigo 5.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, dispón que «reglamentariamente estableceranse o procedemento, os mecanismos de cómputo e a información que poderá obterse dos operadores». Mediante o presente real decreto dáse cumprimento a ese mandato. Todo isto sen prexuízo das correspondentes normas de desenvolvemento que, se for o caso, aproben as comunidades autónomas, ás cales, de acordo co previsto no citado parágrafo décimo primeiro do dito artigo 5.3, lles corresponde o control e o seguimento das obrigacións previstas nese precepto con respecto ás emisións de cobertura limitada ao ámbito autonómico.

Ademais de cumprir o mandato de desenvolvemento citado, este real decreto ten o obxectivo declarado de axudar a definir con claridade e determinación o sistema de contribución anual ao financiamento da produción europea. Así, por un lado, búscase proporcionar seguridade xurídica ao cumprimento da obriga, de forma que os provedores de servizos de comunicación audiovisual obrigados pola norma poidan ordenar as súas actuacións de acordo cunhas previsións certas, fiables e sustentables. Por outro lado, a norma que se aproba arbitra mecanismos de flexibilidade no cumprimento da obriga de financiamento para que os provedores de servizos de comunicación audiovisual poidan desenvolver a súa actividade e explotar todo o seu potencial da mellor forma posible.

En último termo, aprovéitase para establecer que, de acordo coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, todo o procedemento de verificación do cumprimento da obriga se levará a cabo por medios electrónicos.

Unha vez exposto o obxectivo e a finalidade deste real decreto, a continuación é preciso dar conta dos antecedentes normativos, tanto legais (de ámbito comunitario e nacional) como regulamentarios, das obrigacións previstas no artigo 5.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

A orixe do sistema de protección da produción audiovisual remóntase á Directiva 89/552/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 1989, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros, relativas ao exercicio de actividades de

radiodifusión televisiva, denominada coloquialmente «Directiva de televisión sen fronteiras». Esta primeira norma estableceu as bases da incipiente política audiovisual comunitaria. No que se refire á promoción de obras europeas, a Directiva de televisión sen fronteiras xa prevía, por un lado, que os Estados membros velarían por que os organismos de radiodifusión televisiva reservasen a obras europeas unha proporción maioritaria do seu tempo de difusión e, por outro lado, que igualmente velarían por que os organismos de radiodifusión televisiva reservasen, como mínimo, o dez por cento do seu tempo de emisión ou, alternativamente, o dez por cento do seu orzamento de programación a obras europeas de produtores independentes dos organismos de radiodifusión televisiva.

Esta directiva foi modificada parcialmente en 1997 e, máis recentemente, en 2007 pola Directiva 2007/65/CE do Parlamento e do Consello, do 11 de decembro de 2007, que é a norma que a vixente Lei 7/2010, do 31 de marzo, traspón, ben que os preceptos relativos á promoción da produción audiovisual europea quedaron practicamente inalterados. Esta directiva abunda no contido cultural dos medios audiovisuais e dá conta das resolucións do Parlamento Europeo do 1 de decembro de 2005 e do 4 de abril de 2006, relativas á Rolda de Doha e á Conferencia Ministerial da Organización Mundial de Comercio nas cales a institución europea exige que os servizos públicos básicos, entre os que se encontran os servizos audiovisuais, sexan excluídos da liberalización. No mesmo sentido, a citada directiva ampárase na Convención da UNESCO sobre protección e promoción da diversidade das expresións culturais, que foi ratificada por España e entrou en vigor o 18 de marzo de 2007.

No ámbito nacional, a Directiva de televisión sen fronteiras foi obxecto de transposición mediante a aprobación da Lei 25/1994, do 12 de xullo. Esta norma estableceu por vez primeira no noso ordenamento xurídico a reserva dun cincuenta por cento do tempo de emisión anual das entidades que presten o servizo público de televisión á difusión de obras europeas, reservou, pola súa vez, a metade deste tempo á emisión de obras europeas en expresión orixinaria española e, tamén reservou, en última instancia, un dez por cento do tempo de emisión a obras europeas de produtores independentes. Esta lei foi posteriormente modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, que, sen modificar o réxime de cotas de emisión, deu un novo pulo á promoción da industria audiovisual española e europea ao establecer a obrigaón de que determinados operadores de televisión destinasen un cinco por cento dos seus ingresos ao financiamento de longametraxes cinematográficas europeas e películas para televisión de igual procedencia. Posteriormente, esta previsión foi obxecto dunha nova redacción mediante a aprobación da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual.

Así pois, neste contexto lexislativo, o Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, ao cal este real decreto substitúe, precisou os detalles que debían rexer o cumprimento da obrigaón de investimento prevista na lexislación española e amparada pola normativa comunitaria.

Finalmente, a xa citada Lei 7/2010, do 31 de marzo, traspuxo a Directiva 2007/65/CE do Parlamento e do Consello, do 11 de decembro de 2007 e regulou de maneira máis extensa no seu artigo 5 o dereito á diversidade cultural e lingüística e, en particular, a obrigaón de contribuír anualmente ao financiamento anticipado da produción europea.

Debe terse en conta que, en paralelo coa aprobación da Lei 7/2010, do 31 de marzo, no ámbito europeo se aprobou a Directiva 2010/13/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de marzo, sobre a coordinación de determinadas disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas á prestación de servizos de comunicación audiovisual, norma que actualmente está en vigor e que se limitou a refundir a anterior normativa sen introducir cambios significativos.

Por outro lado, cabe citar tamén, pola súa directa incidencia na materia, a vixente Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que supón unha novidade fundamental na medida en que integra a cinematografía no audiovisual e establece medidas que se dirixen

ao sector como un todo. Así, este marco normativo parte do carácter estratéxico do sector audiovisual e baséase en catro principios fundamentais: a) a definición e o apoio aos sectores independentes da cinematografía española, tanto no ámbito da produción como da distribución e da exhibición; b) a creación de mecanismos que eviten os desequilibrios existentes no mercado audiovisual; c) a adaptación ás novas tecnoloxías e formatos, e d) o apoio á creación e aos autores. Este marco normativo foi, pola súa vez, obxecto de desenvolvemento regulamentario. Así, tanto o Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, como a Orde CUL/2834/2009, do 19 de outubro, que dita normas de aplicación das citadas normas, nas materias de recoñecemento do custo dunha película e investimento do produtor, entre outros aspectos, foron tidos en conta á hora de elaborar o presente real decreto.

Outra norma con directa incidencia sobre a materia e que é preciso considerar é a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. En virtude do previsto nela, as competencias para controlar o cumprimento da obrigaçión de financiar anticipadamente a produción europea recaen no dito organismo público. Así pois, as funcións que, de acordo co até agora vixente Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, viña desempeñando a Comisión Interministerial de Seguimento serán desempeñadas polo Consello da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, sobre a base das propostas que eleve a Dirección de Telecomunicacións e Sector Audiovisual, de conformidade co disposto no Real decreto 657/2013, do 30 de agosto, polo que se aproba o Estatuto orgánico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

En canto á súa estrutura, este real decreto consta de 25 artigos, estruturados en cinco capítulos, e unha parte final composta por catro disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras, así como dous anexos.

Polo que se refire ao contido, o capítulo I establece o obxecto do real decreto, as películas cinematográficas e obras audiovisuais que poden ser obxecto de financiamento, e o ámbito subxectivo, entre outros aspectos preliminares.

O capítulo II desenvolve o ámbito obxectivo da obrigaçión e, pola súa vez, articúlase as diferentes formas de cumprir coa dita obrigaçión. Resulta innovadora, polo esforzo de clarificación que supuxo, a relación de obras cuxo financiamento computa para efectos da obrigaçión, así como a delimitación precisa do ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación da norma.

O capítulo III regula o relativo aos ingresos e aos gastos que hai que ter en conta para efectos do cumprimento da obrigaçión e dos prazos en que o financiamento se debe realizar. Así, enúncianse os ingresos computables que serán en todo caso os derivados da comercialización publicitaria, os das cotas de abono, os obtidos pola explotación directa do contido por parte do fornecedor e os obtidos da comercialización de canles, entre outros. Os gastos computables tamén se recollen con carácter exhaustivo, e permítese que se contabilicen tanto os gastos na produción propia, encargos de produción e coproducións, como as achegas ás agrupacións de interese económico con finalidade de produción audiovisual, e os importes da adquisición dos dereitos de explotación.

O capítulo IV regula o procedemento de verificación do cumprimento da obrigaçión de financiamento anticipado, así como as formas de acreditación de ingresos e gastos. Inclúense previsións de modulación do carácter anual da obrigaçión, de maneira que, en determinadas circunstancias, os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual obrigados poidan acollerse a mecanismos de flexibilidade. Por outro lado, neste capítulo destaca a previsión de que o procedemento se realice integramente por medios electrónicos. Tal previsión responde ao alto grao de implantación do uso destas tecnoloxías entre os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual obrigados a contribuír anualmente ao financiamento de produción europea e é plenamente acorde coa xa citada Lei 11/2007, do 22 de xuño, e co Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, polo que se establece a obrigaçión

de que todas as comunicacións se fagan por vía electrónica. Por outro lado, tamén son innovadoras as previsións que dotan este réxime xurídico de maior transparencia.

Finalmente, no capítulo V establécense as principais actuacións da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación coa obrigación de financiamento. A Comisión será o organismo encargado de verificar o cumprimento da obrigación por parte de cada un dos fornecedores obrigados. Así mesmo, elaborará un informe anual sobre o impacto da obrigación no sector audiovisual. Por último, con carácter anual, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará a lista das películas que se beneficiaron do financiamento anticipado.

En canto ao contido da parte final, cabe destacar a disposición adicional segunda en que se recollen formas de colaboración co Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Así mesmo, inclúense dous anexos con modelos de formularios electrónicos e co informe de procedementos acordados que presentarán os fornecedores de servizos de comunicacións electrónicas obrigados, respectivamente.

En canto á tramitación, este real decreto foi sometido ao trámite de información pública, de conformidade co previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia emitiu informe en virtude do establecido no artigo 5.2 a Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

O presente real decreto dítase ao abeiro da competencia do Estado para establecer a normativa básica sobre réxime xurídico de radio e televisión de acordo co disposto no artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de normativa básica sobre medios de comunicación, sen prexuízo das facultades que no seu desenvolvemento e execución correspondan ás comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de outubro de 2015.

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver a obrigación de contribuír anualmente ao financiamento anticipado da produción de obras audiovisuais europeas previsto no artigo 5.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual, que se relacionan no artigo seguinte.

Artigo 2. *Películas cinematográficas e obras audiovisuais para televisión obxecto do financiamento.*

1. As obras suxeitas ao financiamento anticipado regulado neste real decreto serán as europeas, segundo a definición establecida no artigo 2.12 da Lei 7/2010, do 31 de marzo. Estas obras serán as seguintes:

a) Películas cinematográficas, tanto longametraxes como curtametraxes, segundo as definicións establecidas nas letras a), c) e d) do artigo 4 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.

b) Películas para televisión, segundo a definición que establece o artigo 2.19 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

c) Miniserias de televisión, segundo a definición que establece o artigo 2.20 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

d) Series de televisión, segundo a definición que establece o artigo 2.21 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

e) Documentais para televisión, entendendo por tales as obras audiovisuais de carácter eminentemente narrativo, que non sexan de ficción e que polo seu enfoque, estrutura narrativa, composición, estética, deseño ou estilo, plasmado preferiblemente na forma de guión, intentan expresar a realidade cun particular selo de orixinalidade e perspectiva persoal, mediante a creación ou filmación de escenas ou situacións da vida cotiá ou da historia sacadas do contexto real para presentalas como documento, cun certo carácter atemporal que o desvincula do evento conxuntural ao cal pode estar ligado orixinariamente e que, ademais, implica a realización de actos de produción que demostran que se dedicou un tempo substantivo á preparación e á posprodución do produto asimilables a outro tipo de producións computables. En todo caso, non terán consideración de documentais as reportaxes audiovisuais de carácter xornalístico ou informativo nin a mera reprodución audiovisual de feitos noticiais.

2. Para efectos do cómputo, enténdese por obra de animación aquela con desenvolvemento argumental en que se dá movemento ao estatismo dunha imaxe fixa e individual, elaborada mediante debuxos, materiais diversos, obxectos ou outros elementos que, ao proxectárense fotograma a fotograma consecutivamente e a gran velocidade, constrúen o movemento que é inexistente na realidade.

Dentro do concepto de producións de animación inclúense as producións de animación por ordenador.

Cando unha produción conteña imaxe real mesturada con imaxes de animación, considerarase de animación cando un número significativo de personaxes principais dela sexan animados e sempre que o tempo en que se utiliza este sistema sexa maioritario na duración total da obra.

### Artigo 3. *Ámbito subxectivo.*

1. Están suxeitos ao disposto neste real decreto e, por tanto, son fornecedores obrigados os que a continuación se relacionan sempre que cumpran os requisitos establecidos no número segundo:

a) Os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual televisiva, de acordo coa definición do artigo 2.1 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

b) Os fornecedores de servizos de catálogo de programas, sexa cal sexa a forma de difusión, de acordo coa definición do artigo 2.16 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

c) Os fornecedores do servizo de comunicación electrónica que difundan canles de televisión, de acordo coa definición do artigo 2.15 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

2. Os requisitos para resultar fornecedores obrigados son:

a) Estar establecidos en España de conformidade co disposto no artigo 3.1 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

b) Ofrecer un servizo de cobertura estatal, segundo o disposto no artigo 2.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, ou un servizo de cobertura autonómica.

c) Ter a responsabilidade editorial sobre as canles de televisión ou catálogos de programas, de acordo co disposto nos artigos 2.2 e 2.13 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, para os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual e dun servizo de catálogo de programas; así como ter a responsabilidade sobre a selección das canles de televisión que ofertan, para os fornecedores dun servizo de comunicación electrónica que difunde canles de televisión, de acordo co establecido no artigo 2.15 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

d) Emitir nas ditas canles ou catálogos os seguintes produtos audiovisuais cunha antigüidade menor a sete anos desde a súa data de produción: películas cinematográficas (longametraxes e curtametraxes), películas de televisión, miniseries series de televisión, documentais e producións de animación.

3. Os fornecedores obrigados que dediquen unha porcentaxe superior ao setenta por cento do tempo total de emisión anual nalgunha das súas canles, excluíndo o tempo dedicado a comunicacións comerciais audiovisuais e autopromoción, a un único tipo de contidos, que sexan películas, series e miniseries de televisión (incluídas as producións de animación), así como documentais, poderán cumprir a obrigaón xerada por esa canle financiando unicamente o contido específico emitido a través desa canle, sempre que se materialicen en soporte fotoquímico ou en soporte dixital de alta definición.

Nos supostos de emisión temática de producións de animación ou de documentais, a obrigaón de financiamento virá referida a este tipo de producións, con independencia de que os contidos emitidos sexan en formato de películas cinematográficas ou de televisión, ou en formato de series.

No caso de que os fornecedores obrigados non se acollan á opción prevista neste número 3, deberán cumprir todos os requisitos da obrigaón de financiamento previstos nas letras a), b) e c) do artigo 4.1.

4. A obrigaón de contribuír anualmente ao financiamento anticipado de obra europea é independente da porcentaxe de tempo que a canle dedique á emisión dos previstos na letra d) do número segundo, así como da audiencia da canle.

5. Quedan excluídos do cumprimento desta obrigaón os fornecedores de servizos de catálogos de programas que emitan exclusivamente películas cualificadas X de conformidade coa Lei 55/2007, do 28 de decembro.

## CAPÍTULO II

### Da obrigaón de financiamento

#### Artigo 4. *Ámbito obxectivo.*

1. A obrigaón de contribuír ao financiamento anticipado de obra europea consiste, para os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual de titularidade privada, en destinar a tal fin o cinco por cento dos ingresos precisados no artigo 6, cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Deben destinar, como mínimo, o sesenta por cento da obrigaón de financiamento a películas cinematográficas de calquera xénero.
- b) Do importe previsto na letra a) débese destinar a películas cinematográficas nalgunha das linguas oficiais en España, como mínimo, o sesenta por cento.
- c) Do importe previsto na letra b) débese destinar a películas cinematográficas de produtores independentes, como mínimo, o cincuenta por cento.
- d) En calquera caso, poden destinar, como máximo, o corenta por cento do total da obrigaón a financiar películas, series, miniseries, documentais e producións de animación para televisión.

2. A obrigaón de contribuír ao financiamento anticipado de obra europea consiste, para os fornecedores de servizos de titularidade pública, en destinar a tal fin o seis por cento dos ingresos precisados no artigo 6.2, cumprindo os seguintes requisitos:

- a) Deben destinar, como mínimo, o setenta e cinco por cento da obrigaón de financiamento a películas cinematográficas.
- b) Do importe previsto na letra a) débese destinar a películas cinematográficas nalgunha das linguas oficiais de España, como mínimo, o sesenta por cento.
- c) Do importe previsto na letra b) débese destinar a películas cinematográficas de produtores independentes, como mínimo, o cincuenta por cento.

d) En calquera caso, poden destinar, como máximo, o vinte e cinco por cento do total da obrigación a financiar películas, miniserias, series, documentais e producións de animación para televisión.

e) Cando se fixese uso do disposto na letra d), deberán destinar un mínimo do cincuenta por cento do dito importe a películas ou miniserias para televisión, xa sexan de ficción ou animación.

**Artigo 5. Formas de cumprir a obrigación de financiamento.**

1. A obrigación de financiamento cumprirase mediante a participación directa na produción das obras previstas no artigo 2 ou mediante a adquisición dos seus dereitos de explotación.

2. Enténdese por participación directa na produción:

- a) A produción propia.
- b) As encargas de produción.
- c) As coproducións.
- d) As achegas meramente financeiras.
- e) As achegas realizadas a través de agrupacións de interese económico cuxa finalidade sexa a produción de obras audiovisuais.

3. Enténdese por adquisición de dereitos de explotación todo contrato en virtude do cal se adquiren os dereitos de explotación da obra audiovisual para calquera das súas modalidades.

### CAPÍTULO III

#### **Ingresos e gastos computables e prazo de cumprimento da obrigación**

**Artigo 6. Ingresos computables.**

1. Os ingresos computables para determinar a contía da obrigación de financiamento, no caso dos provedores obrigados de servizos de titularidade privada, son os seguintes:

- a) Ingresos derivados da comercialización publicitaria.
- b) Ingresos obtidos pola venda a terceiros dos contidos producidos ou coproducidos polo provedor de servizos que xeran a obrigación.
- c) Ingresos das cotas de abono.
- d) Ingresos obtidos pola explotación directa do contido por parte do provedor independentemente da modalidade utilizada.
- e) Ingresos obtidos da comercialización de canles que dean lugar á obrigación de financiamento, cuxa responsabilidade editorial corresponda a un terceiro, dos cales se deducirán os pagamentos que se realicen ao editor de canles.
- f) Ingresos derivados do arrendamento de licenzas.
- g) Ingresos procedentes das axudas e achegas públicas, calquera que sexa a súa denominación, que teñan a natureza xurídica de subvencións.

2. Os ingresos computables do provedor de servizo de comunicación audiovisual de titularidade pública estatal, a Corporación Radio Televisión Española, serán os fixados nas letras a), b) c), d) e e) do artigo 2.1 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación RTVE.

3. Os ingresos procedentes da comercialización de produtos accesorios derivados directamente dos programas emitidos só se computarán na medida en que a suma dos ditos ingresos represente unha porcentaxe superior ao dez por cento do total de ingresos de explotación do provedor do servizo e na contía que exceda a dita porcentaxe.

Artigo 7. *Ingresos excluídos do cómputo.*

Non se computarán os seguintes ingresos:

- a) Os obtidos da explotación de canles ou catálogo de programas que non dean lugar á obrigación de financiamento.
- b) Os xerados polo arrendamento ou venda de equipamentos de recepción ou instalación de antenas, así como pola contratación e mantemento do equipamento técnico utilizado para a recepción do servizo, nin os ingresos de conexión técnica ou servizos relativos a infraestruturas de difusión.
- c) Os provenientes de actividades non relacionadas coa actividade audiovisual do fornecedor.

Artigo 8. *Gastos computables no cumprimento da obrigación.*

1. No cumprimento da obrigación de financiamento computaranse os seguintes gastos:

- a) Todos os gastos en produción propia e encargos de produción e coproducións, nos termos previstos no artigo 9, así como achegas financeiras á produción e achegas realizadas a través de agrupacións de interese económico.
- b) O importe da adquisición de dereitos de explotación das obras audiovisuais, nos termos previstos no artigo 10.

2. De acordo co artigo 5.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, non poderán computarse, para os efectos deste artigo, o financiamento anticipado ou a compra de dereitos de películas que sexan susceptibles de recibir a cualificación X, de conformidade coa Lei 55/2007, do 28 de decembro.

Artigo 9. *Gastos en produción propia, encargos de produción e coproducións.*

1. Computarase tanto o financiamento directo dos fornecedores obrigados como a achega indirecta a través das súas sociedades produtoras filiais.

2. Cando o fornecedor obrigado pertenza a un grupo de sociedades e presente contas consolidadas coa sociedade dominante, computarase tamén o financiamento efectuado por calquera empresa produtora do grupo de sociedades a que pertenza o fornecedor obrigado, sempre que esa empresa formule contas consolidadas, pola súa vez, coa sociedade dominante.

3. En todos os casos, descontarase do financiamento achegado a cada obra o importe das axudas públicas obtidas polo fornecedor obrigado, a sociedade produtora filial ou matriz do fornecedor, ou calquera empresa do grupo nos termos do número segundo na contía que lles corresponda en función da súa porcentaxe de participación no financiamento anticipado ou na produción da obra.

As producións europeas non españolas deberán presentar unha declaración responsable onde manifesten que non percibiron as ditas axudas ou indiquen as percibidas, para seren deducidas do cómputo.

4. No caso das achegas financeiras a través dunha agrupación de interese económico, esta agrupación deberá certificar a permanencia do investimento de capital durante toda a produción da obra audiovisual.

5. En ningún caso se admitirá o dobre cómputo dun mesmo financiamento.

Artigo 10. *Gastos da adquisición de dereitos de explotación.*

1. Computaranse os importes da adquisición de dereitos de explotación das obras audiovisuais a empresas produtoras realizados antes de que estea terminada a obra.

2. Os gastos derivados das cláusulas de escalada previstas no contrato a favor da produtora, conforme as cales o prezo dos dereitos de explotación da obra pode



incrementarse en función da audiencia obtida ou dos resultados da exhibición comercial desta, serán computables para efectos do cumprimento da obrigación de financiamento.

3. Como excepción á regra prevista no número primeiro, en relación coa adquisición de dereitos directamente da empresa produtora e sempre que se trate de obras non terminadas, computaranse os importes da adquisición de dereitos de explotación, efectuada a terceiros nos seguintes casos e coas seguintes condicións:

a) Cando os dereitos correspondan a unha produción realizada exclusivamente por un ou varios produtores comunitarios, ningún dos cales teña establecemento permanente en España, poderá computarse como financiamento a totalidade do pagamento efectuado ao terceiro.

b) Cando os dereitos globais fosen adquiridos por un fornecedor obrigado, e efectúe, pola súa vez, revendas a outros fornecedores dos dereitos de emisión para cada unha das diferentes modalidades de explotación, as revendas poderán computarse polo importe efectivamente aboado en termos netos por cada fornecedor pola adquisición dos mencionados dereitos, sempre que se minore polo mesmo importe a achega computada ao primeiro fornecedor.

No suposto de que o contrato de dereitos de emisión dunha obra sexa subscrito por unha produtora filial ou matriz do fornecedor obrigado ou por calquera empresa do grupo a que pertence o fornecedor obrigado, que declarase o seu financiamento, minoraráselle o dito financiamento polo importe dos contratos de dereitos de explotación, co fin de evitar o dobre cómputo.

En ningún caso se admitirá o dobre cómputo do importe aboado sucesivamente por un mesmo dereito por varios fornecedores obrigados ao financiamento.

c) Cando os titulares dos dereitos de explotación sexan empresas distribuidoras, poderá computarse a cantidade aboada polo fornecedor obrigado a esas empresas, sempre que teñan carácter independente, de acordo co previsto no artigo 4 letra ñ) da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

4. Como excepción á regra prevista no número primeiro, en relación coa adquisición de dereitos de explotación de obras non terminadas, permítese a adquisición dos dereitos de explotación de obras xa terminadas que non se beneficiasen do financiamento na súa fase de produción, sempre:

a) Que non se supere o 0,3 % do total da obrigación de financiamento de obra europea do fornecedor.

b) Que a compra se produza como máximo seis meses despois da expedición do certificado de cualificación no suposto de películas cinematográficas ou, no caso de obras para a televisión, seis meses despois da finalización da produción debidamente acreditada ou, se for o caso, desde a primeira emisión televisiva. A compra dos dereitos de explotación deberá realizarse directamente ao produtor, a un terceiro que actúe en calidade de mero axente do produtor, ou ao distribuidor. Neste último caso, a empresa distribuidora debe ter carácter independente, de acordo co previsto no artigo 4 letra ñ) da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

#### Artigo 11. *Gastos computables de películas cinematográficas.*

1. Nos supostos de financiamento de películas cinematográficas só serán computables como custos ou gastos de produción aqueles que determine a normativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sobre recoñecemento de custos das obras cinematográficas para efectos da concesión de axudas, serán de aplicación os límites previstos nesta e recoñeceráselle ao fornecedor obrigado o importe equivalente á súa porcentaxe de participación, de acordo cos datos existentes no dito ministerio.

2. O recoñecemento de custos dunha película cinematográfica será aplicable a partir da data en que se recibise a súa notificación.

Artigo 12. *Gastos computables doutros produtos audiovisuais.*

Nos supostos de financiamento de obras audiovisuais non cinematográficas só serán computables como custos ou gastos de produción os relacionados directamente coa produción ou coa adquisición de dereitos de explotación.

## CAPÍTULO IV

### Procedemento de verificación

Artigo 13. *Forma de comunicación.*

1. A documentación exixible para verificar o cumprimento da obrigaçión será presentada no rexistro electrónico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

2. Os interesados poderán acceder, co mesmo certificado co que presentaron a declaración, ao Rexistro Electrónico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, onde se poderán consultar os documentos presentados e o estado de tramitación do expediente.

3. A presentación do informe de declaración con sinatura electrónica implicará a conformidade do interesado para recibir todas as comunicacións e notificacións que se realicen ao longo da tramitación do expediente electrónico a través do dito rexistro electrónico.

4. A publicación na sede electrónica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia das resolucións provisionais e definitivas, así como dos demais actos do procedemento, producirá todos os efectos da notificación practicada, segundo o disposto no artigo 40 do Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en relación co dito procedemento.

Artigo 14. *Informe de declaración.*

1. Os fornecedores obrigados deberán formalizar por vía electrónica, antes do día 1 de abril de cada ano natural, un informe de declaración en que se indique a forma en que deron cumprimento á obrigaçión de financiamento, sen prexuízo do disposto no número seguinte.

2. Os fornecedores cuxo exercicio social non coincida co ano natural poderán presentar a súa declaración tres meses despois do peche do seu exercicio e, en todo caso, antes do 31 de xullo.

3. Para realizar o informe de declaración, os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual utilizarán o formulario que se xunta como anexo I deste real decreto e que se encontra na páxina web da sede electrónica da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

4. Tanto o informe de declaración como as informacións adicionais requiridas terán carácter confidencial, sen que poidan ser utilizados para fins distintos daqueles para os cales se subministraron.

Artigo 15. *Acreditación do financiamento efectuado.*

1. Para a acreditación ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia do financiamento efectuado, os fornecedores obrigados deberán presentar unha relación das obras que foron obxecto de financiamento.

2. Indicaranse para cada obra os seguintes datos:

- a) O tipo de obra audiovisual.
- b) Se se trata de produción independente.

- c) O título.
- d) O titular dos dereitos ou a empresa produtora ou, se for o caso, o titular dos dereitos de explotación.
- e) As datas do contrato, salvo que se trate de produción propia, e de finalización da produción; no suposto de que a produción non conclúese, indicárase esta circunstancia mediante a expresión «sen finalizar».
- f) Os importes correspondentes á participación directa na produción, no caso de produción propia, encarga de produción, coprodución ou mera achega financeira, así como os relativos á adquisición de dereitos de explotación.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá requirir do fornecedor obrigado a acreditación dos datos a que se refire o número anterior, mediante a presentación dos contratos subscritos para o efecto ou mediante a presentación de certificados emitidos polo produtor, sen que se admita a presentación de facturas como documentación acreditativa do financiamento.

#### Artigo 16. *Acreditación dos ingresos.*

1. No informe de declaración previsto no artigo 14, os provedores obrigados de servizos de titularidade privada acreditarán os seus ingresos ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) A presentación das contas anuais debidamente auditadas, naqueles casos en que sexa necesario conforme a normativa mercantil aplicable, e depositadas no Rexistro Mercantil.
- b) A presentación das contas anuais acompañadas da acreditación fidedigna do seu depósito no correspondente rexistro, de ser preceptivo o dito depósito ou, en caso contrario, da certificación do representante do operador correspondente de ter aprobado as contas anuais conforme a normativa aplicable no país en cuestión, en caso de sociedades constituídas conforme a lei distinta da española.
- c) A presentación da desagregación dos conceptos necesarios para determinar os ingresos computables.

2. A desagregación dos conceptos necesarios para determinar os ingresos computables deberá cumprir algunha das seguintes condicións, alternativamente:

- a) Ser conformada por unha auditoría externa.
- b) Ser conformada por un experto independente acreditado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.
- c) Ser conformada mediante un informe de procedementos acordados no caso dos provedores de servizos de comunicacións electrónicas, que se realizará de acordo co modelo do anexo II.

3. A Corporación Pública de Radio e Televisión Española acreditará os seus ingresos mediante certificación do Consello de Administración da propia Corporación Radio e Televisión Española, con igual nivel de desagregación de ingresos que o requirido aos provedores obrigados de servizos de titularidade privada.

#### Artigo 17. *Acreditación do financiamento realizado por parte dos provedores obrigados de servizos de titularidade privada cuxo exercicio social non coincida co ano natural.*

Os provedores obrigados de servizos de titularidade privada cuxo exercicio social non coincida co ano natural, segundo o disposto nos seus estatutos sociais, efectuarán o cómputo do financiamento realizado tomando como referencia o período comprendido entre o primeiro e o último día do seu correspondente exercicio social.

Artigo 18. *Requisitos adicionais de acreditación dos provedores de servizos de comunicación audiovisual que dediquen o setenta por cento do tempo total de emisión anual a un único tipo de contidos.*

Os provedores de servizos de comunicación audiovisual previstos no artigo 3.3 deberán acreditar, adicionalmente, no informe de declaración e mediante a certificación dunha empresa de audiometría, o cumprimento do requisito previsto no dito artigo respecto ao carácter temático para en cada unha das súas canles.

Artigo 19. *Acreditación dos gastos computables.*

1. A acreditación dos gastos previstos no artigo 8 calcularase de acordo co que dispoñen os artigos 42 e seguintes do Código de comercio para as contas consolidadas.

2. No caso de que o financiamento anticipado nunha obra concreta se realice a través da filial do provedor ou de calquera empresa do grupo nos termos indicados no artigo 9 e esta obrigaçón de financiamento anticipado exista no país de orixe da matriz, deberase presentar unha declaración responsable onde se manifeste que a obra presentada non foi, pola súa vez, presentada no mencionado país como financiamento anticipado para cumprir cunha obrigaçón semellante.

Artigo 20. *Exercicio en que se computa o financiamento.*

1. O financiamento efectuado aplicarase ao exercicio en que naza a obrigaçón contractual dos provedores obrigados cos terceiros, independentemente da súa data de pagamento.

2. No caso de produçón propia, o financiamento aplicarase ao exercicio en que comezou a produçón. Alternativamente, se a produçón se distribúe en varios exercicios, aplicarase como financiamento a cada un deles os gastos efectivamente contabilizados en cada exercicio, sen que poida contabilizarse dúas veces o mesmo gasto.

3. O importe das escaladas dos contratos, nos termos previstos no artigo 10.2, computarase no ano en que se produza efectivamente a súa devindicaçón e polo valor real correspondente.

Artigo 21. *Aplicación do financiamento efectuado no exercicio seguinte ou no inmediatamente anterior.*

1. Unha parte do financiamento realizado durante un exercicio poderase aplicar ao cumprimento da obrigaçón no exercicio seguinte ou no inmediatamente anterior, sempre e cando nos ditos exercicios houberse déficit e o financiamento realizado que se considerará no exercicio distinto do de aplicación non supere o corenta por cento da obrigaçón de financiamento que corresponda ao exercicio en que se aplique.

2. O provedor obrigado sinalará expresamente no seu informe de declaración previsto no artigo 14 a súa intención de se acoller ao disposto no número anterior.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, á vista do financiamento efectivamente recoñecido en cada exercicio, notificará ao provedor obrigado o importe do financiamento que deberá ser xerado adicionalmente no exercicio seguinte para ser aplicado ao exercicio pechado ou, polo contrario, o importe total do financiamento xerado no exercicio pechado que poderá ser obxecto de aplicación ao exercicio seguinte ou ao inmediatamente anterior.

4. Excepcionalmente, naqueles casos en que o provedor obrigado tivese nun exercicio concreto perdas contablemente auditadas e unicamente exista déficit de cumprimento, deberá cumprir coa obrigaçón de financiamento no exercicio seguinte ao menos nun cincuenta por cento do cómputo global, e o resto poderá compensalo durante os dous exercicios seguintes.

5. O provedor obrigado non poderá volver facer uso da posibilidade prevista no número anterior aínda que nos exercicios seguintes tamén sufra perdas mentres non sexa totalmente recuperado o financiamento do primeiro exercicio.

Artigo 22. *Acumulación da obrigaón de financiamento.*

1. Os provedores obrigados cuxa aplicación da porcentaxe fixada aos ingresos computables dea lugar a unha obrigaón de financiamento de importe igual ou inferior a douscentos mil euros poderán optar por realizar o financiamento nese exercicio ou ben acumular esa cantidade ao exercicio seguinte.

2. O provedor obrigado sinalará expresamente no informe de declaración previsto no artigo 14 a súa intención de se acoller ao disposto no número anterior.

## CAPÍTULO V

### **Actuación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia**

Artigo 23. *Actuación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.*

1. No prazo de seis meses desde a presentación polos provedores obrigados do informe de declaración a que se refire o artigo 14, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia notificará por escrito e de forma motivada a cada provedor obrigado se cumpriu coa súa obrigaón de financiamento, logo do informe preceptivo do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Nesta notificación indicaranse os termos en que o provedor obrigado pode acollerse ao previsto no artigo 21 ou, se for o caso, ao previsto no artigo 22.

2. Transcorrido o prazo de seis meses desde a presentación do informe de declaración sen ter recibido notificación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación co cumprimento da obrigaón, o provedor obrigado poderá considerar cumprida a obrigaón de financiamento nos termos presentados no seu informe de declaración.

Artigo 24. *Informe anual de análise de impacto da obrigaón de financiamento.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia elaborará, logo do informe preceptivo do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, un informe anual sobre o cumprimento da citada obrigaón así como sobre o impacto da obrigaón de financiamento sobre a industria audiovisual, e recomendará as medidas que considere oportunas para mellorar a súa eficacia e eficiencia.

2. O informe previsto no número anterior incorporará os informes remitidos polas comunidades autónomas en relación co cumprimento da obrigaón de financiamento anticipado por parte dos provedores obrigados a nivel autonómico.

3. O informe anual previsto no número primeiro será publicado na páxina web da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e garantirase a confidencialidade prevista no artigo 14.4.

Artigo 25. *Publicidade dos títulos beneficiados pola obrigaón de financiamento.*

Os títulos das obras beneficiarias do financiamento previsto neste real decreto serán obxecto de publicación anual por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional primeira. *Fornecedores obrigados ao cumprimento da obrigaón cuxo exercicio social non coincida co ano natural.*

1. Os provedores do servizo de comunicación audiovisual, incluíndo os provedores do servizo de comunicación electrónica que difundan canles de televisión e os provedores de servizos de catálogos de programas cuxo exercicio social non coincida co ano natural comunicarán esta circunstancia e as datas de peche do dito exercicio á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no prazo de dous meses desde a entrada en vigor do real decreto que se aproba.

2. Calquera modificación societaria que afecte o cumprimento da obrigaçión deberá comunicarse ao dito órgano supervisor.

Disposición adicional segunda. *Colaboración do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais establecerán unha canle que asegure a necesaria coordinación e colaboración entre ambos os organismos para os efectos da verificación da obrigaçión por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición adicional terceira. *Información das autoridades audiovisuais autonómicas.*

As autoridades audiovisuais autonómicas ou, se for o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas en materia audiovisual remitirán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para efectos informativos, a seguinte documentación:

a) Antes do 1 de abril de cada ano, un informe sobre o cumprimento durante o ano inmediatamente anterior por parte dos provedores de servizos de comunicación audiovisual de ámbito autonómico, tanto públicos como privados, das cotas de emisión de produción europea e en calquera das linguas oficiais de España, e das cotas de emisión de produción europea independente, de acordo co previsto no artigo 5.2 da Lei 7/2010, do 31 de marzo.

b) Antes do 1 de outubro de cada ano, un informe sobre o cumprimento durante o ano inmediato anterior por parte dos provedores do servizo de comunicación audiovisual baixo a súa competencia, tanto públicos como privados, da obrigaçión de financiamento da produción audiovisual europea, prevista no artigo 5.3 da Lei 7/2010, do 31 de marzo, durante o exercicio anterior. Neste informe reflectiranse, desagregados por provedor obrigado, os ingresos de explotación computados para efectos do cumprimento da súa obrigaçión de financiamento, tal como dispón o artigo 6 do presente real decreto, e o financiamento total achegado, distinguindo entre o dirixido a producións en calquera das linguas oficiais de España e ao resto das producións europeas e, dentro de ambas, o destinado a películas cinematográficas, a películas e series para televisión e a outras producións, como documentais e producións de animación.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para o exercicio correspondente ao ano 2015.*

O establecido neste real decreto só será de aplicación ás operacións realizadas con anterioridade á súa entrada en vigor en canto non supoña unha restrición de dereitos dos provedores obrigados ao financiamento anticipado da produción europea.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a aplicación do disposto neste real decreto.*

De conformidade co previsto no artigo 30 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá ditar as instrucións e circulares necesarias para a correcta supervisión do cumprimento da obrigaón regulada neste real decreto, logo do informe preceptivo e non vinculante do titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para a modificación formal dos anexos do presente real decreto.*

Habílitate o titular da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para modificar por resolución o contido dos anexos deste real decreto, logo do informe preceptivo e non vinculante da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial e normativa básica.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.
2. O capítulo I e a disposición adicional terceira teñen carácter básico, de acordo co disposto no artigo 149.1.27.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de outubro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

**Modelos de formularios electrónicos mediante os cales os fornecedores de servizos de comunicación audiovisual presentarán o seu informe de declaración, de conformidade co previsto no artigo 14**

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 1. Financiamento de obras cinematográficas en lingua orixinaria española durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos <sup>1</sup>	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas <sup>2</sup>	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

<sup>1</sup> Se o titular non é produtor, indíquese se é distribuidora ou outro fornecedor de TV.

<sup>2</sup> Se a escalada corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en «data de contrato» indíquese o ano en que se declarou.

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto ----/2015, do – de ----, sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 2. Financiamento de obras cinematográficas en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	



Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 3. Financiamento de películas e miniserias para televisión en lingua orixinaria española durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 4. Financiamento de películas e miniserias para televisión en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	

Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 5. Financiamento de series para televisión en lingua orixinaria española durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Ventá de comercialización	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Temporada da serie	
Capítulos	De capítulo..... a capítulo.....
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 6. Financiamento de series para televisión en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Ventá de comercialización	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Temporada da serie	
Capítulos	De capítulo..... a capítulo.....
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 7. Financiamento doutras obras cinematográficas europeas durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato de financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 8. Financiamento doutras obras cinematográficas europeas posterior á finalización da produción

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato de financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto ----/2015, de – de ----, sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 9. Financiamento doutras películas e miniserias para televisión europeas durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO.

EXERCICIO:

CAPÍTULO 10. Financiamento doutras películas e miniserries para televisión europeas posterior á finalización da produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 11. Financiamento doutras series para televisión europeas durante a fase de produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Achegas financeiras	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Ventá de comercialización	

Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Temporada da serie	
Capítulos	De capítulo..... a capítulo.....
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, do..... de....., sobre o financiamento anticipado de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

FORNECEDOR DO SERVIZO:

EXERCICIO:

CAPÍTULO 12. Financiamento doutras series para televisión europeas posterior á finalización da produción.

Datos da obra audiovisual:

Título	
Titular de dereitos	
Financiamento directo de produción	
Dereitos de explotación	
Escaladas	
Axudas de amortización	
Axudas de conservación	
Outras axudas públicas	
Custo total do financiamento	
Data do contrato do financiamento directo	
Data do contrato de dereitos de explotación	
Ventá de comercialización	
Data de fin de produción	
Tipo de produto (ficción, animación, documental)	
Obra produtor independente	
Temporada da serie	
Capítulos	De capítulo..... a capítulo.....
Observacións	

De acordo co sinalado no artigo 14 do Real decreto...../2015, de..... de....., sobre o financiamento anticipada de obras europeas, todos os datos declarados polo fornecedor obrigado terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos aos previstos na Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.

## ANEXO II

### **Informe de procedementos acordados para avaliar os ingresos base da obrigación de financiamento anticipado da produción audiovisual europea do fornecedor de servizos de comunicacións electrónicas que difundan canles de televisión**

Exercicio:

Auditor:

Procedemento que hai que seguir:

1. Obter da dirección da sociedade unha desagregación da suma total do importe neto da cifra de negocios de todas as contas que se inclúen, tanto de ingreso como de gasto (en caso de haber) relacionadas coa prestación de servizos de televisión en que se indique, para cada unha delas, unha descrición desta e o seu importe na data do peche de exercicio. A partir da dita desagregación, cotexar que os conceptos e os importes das ditas contas no momento do peche do exercicio son coincidentes cos conceptos e cos saldos mostrados polos rexistros contables e/ou sistemas internos de información da sociedade na dita data.

2. Das contas identificadas, facer unha análise exhaustiva, cun nivel de confianza do 95 %, para confirmar que nelas non se encontran gastos neteados dos ingresos; de ser así, identificar o concepto e importe destes gastos.

3. Verificar a imputación contable dos ingresos, en canto á súa correcta clasificación en contas contables.

4. Obter da dirección da sociedade unha desagregación dos ingresos por prestación de servizos de televisión, segundo compoñentes avaliábeis e diferenciando, entre outros, se é o caso: por cotas de abono/vídeo baixo demanda/subscricións á carta/pagamento por visión/*streaming*/catálogo de programas/publicidade/decodificador/emisión canles/outros, indicando os que corresponden en cada caso ao servizo fixo ou en mobilidade. A partir da dita desagregación, comprobar que os conceptos e importes coinciden cos reflectidos nos rexistros contables e/ou sistemas internos de información da sociedade.

5. A continuación hai que identificar os ingresos non computables, así decodificador, canles exclusivamente deportivas ou de noticias ou de música ou de produtos X ou de cinema, películas ou series de máis de 7 anos de antigüidade non son computables. Estes ingresos identificaranse en cada caso e serán deducibles. Os ingresos polas canles xeneralistas computan. Achegarase a listaxe de canles emitidas, indicando as que non se consideran computables, así como os cálculos realizados en cada caso.

6. Os ingresos íntegros do servizo de catálogo de programas terán o seguinte tratamento. No suposto de que o ingreso sexa directo polo uso do servizo, obterase o dato de ingreso resultante do visionado dos produtos obrigados. Cando este servizo se obtén mediante o pagamento dunha cota, independentemente do visionado que se realiza, para calcular os ingresos aplicarase ao ingreso total do catálogo de programas a porcentaxe que se obteña de dividir o número de visionado dos novos produtos sobre o total visionado.

7. No caso de que nos ingresos computables inclúisen gastos neteados, dunha mostra significativa de contratos con provedores de contidos obter unha desagregación detallada por provedor dos gastos. Realizar unha proba selectiva e significativa sobre a mencionada desagregación.

8. Obtención dunha carta de manifestacións da dirección da sociedade.

9. Conclusión do informe de auditor con conformación dos ingresos.